

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A UNIDADE DE EPILEPSIA REFRACTARIA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO, DE REFERENCIA NACIONAL, LEVA REALIZADAS 484 INTERVENCIÓNS CIRÚRXCAS

- O hospital Clínico de Santiago acolle unha mesa informativa para conmemorar o Día Nacional de Epilepsia, que se celebra hoxe
- A unidade desenvolve unha importante actividade investigadora, colaborou en preto de 30 ensaios clínicos cos novos fármacos antiepilépticos entre outros proxectos

**Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022.-** Hoxe celébrase O *Día Nacional da Epilepsia* e a área sanitaria compostelá súmase á súa conmemoración. Esta mañá o Hospital Clínico de Santiago acolleu unha mesa informativa de UGADE (Unión Galega de Epilepsia) para informar desta patoloxía aos doentes e visitantes que acoden ao centro. A mesa foi visitada pola xerente da área, Eloína Núñez e polo responsable da Unidade de Epilepsia, o neurólogo Javier López.

Desde que se iniciou o programa de Cirurxía da Epilepsia efectuáronse 484 cirurxías. Grazas á colaboración multidisciplinar de neurólogos, neurocirurxiáns, neurofisiólogos, neurorradiólogos, neuropediatras, neuropsicólogos e profesionais do Servizo de Medicina Nuclear, que integran a Unidade de Epilepsia Refractaria púidose mellorar o diagnóstico precirúrxico, ao utilizarse novas técnicas como a estereoelectroencefalografía (registro EEG con electrodos profundos), que permite coñecer con maior exactitude a localización do foco epileptóxico, ou técnicas de fusión entre a Resonancia Magnética cerebral e o PET cerebral que permite localizar con máis precisión as zonas responsables das crises epilépticas, que non se realizan noutros centros galegos.

A actividade investigadora da unidade é moi importante, de feito ten colaborado en preto de 30 ensaios clínicos con novos fármacos antiepilépticos e participa en numerosos proxectos de investigación sobre epilepsia.

A epilepsia é unha das enfermidades neurolóxicas máis frecuentes, afecta ao 1% da poboación (3% en maiores de 80 anos). En Galicia, segundo datos do grupo de Estudo da Epilepsia da Sociedade Galega de Neuroloxía, existirían uns 27.000 doentes epilépticos, 8.000 deles con epilepsia refractaria.

Malia os grandes avances no desenvolvemento dos fármacos antiepilépticos, a epilepsia refractaria (aqueles doentes que non responden ao tratamento farmacolóxico) continúa sendo un importante problema de saúde pública, ao afectar ao 30% dos pacientes con epilepsia.

A unidade de Epilepsia refractaria do CHUS é centro de referencia en Galicia para "todos os aspectos relacionados co diagnóstico e tratamento da epilepsia. Os doentes que non poidan ser diagnosticados ou tratados non seus hospitais de orixe poden ser enviados ao hospital Clínico de Santiago, especialmente aqueles con epilepsia refractaria".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Santiago, Centro Nacional de Referencia**

En xaneiro de 2011 a unidade compostelá foi designada polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, como Centro de Referencia do Sistema Nacional da Saúde (CSUR), para a atención dos pacientes adultos con Epilepsia Refractaria de toda España. O pasado ano foron atendidos 781 doentes refractarios nas consultas da unidade, 75 deles proviñan doutras comunidades autónomas. Deles 105 eran novos casos, 11 deles doutras comunidades. No último ano foron intervidos cirurxicamente 20 doentes.

Desde o punto de vista docente os membros da Unidade participaron como ponentes e organizadores de reunións de epilepsia tanto a nivel rexional como nacional, sendo a Unidade de Epilepsia Refractaria de Santiago lugar de rotación de residentes de Neuroloxía doutros hospitais de España.

**Saúdos,**